

TEMA 14: Teorías políticas, ideoloxías, utopías e distopías.

1º BACH

O liberalismo



O liberalismo

O liberalismo


- Xorde no **século XVII** da man de **John Locke** (pai do empirismo inglés) en **Inglaterra**.



O liberalismo

NON ENTRA NO EXAME

- Inglaterra vive un **contexto moi difícil de conflito** entre:
 - **Realistas** (partidarios da monarquía absoluta) e **parlamentaristas** (partidarios dunha monarquía parlamentaria, con eleccións e representación das diferentes clases sociais).
 - **Católicos** (que recoñecían a autoridade do Papa sobre o rei e asociados ao absolutismo) e **protestantes** (que non recoñecían máis autoridade ca o de rei de Inglaterra e temían unha nova vaga de represión como a acontecida con María I Estuardo, máis coñecida como *Bloody Mary*)



Defensa de Locke da **tolerancia relixiosa**

O liberalismo

- **Loita contra o absolutismo** (identificada coa opresión) e os seus derivados como:
 - Desvinculación Igrexa (poder relixioso que lexitima ao monarca) - Estado (poder civil)
 - Separación de poderes (lexislativo, executivo e federativo (asuntos de guerra))
- **Dereito a propiedade = Vida, posesión e liberdade** (entendida como a libre disposición da propia persoa e súas propiedades segundo as leis e non o capricho dun terceiro).
- **“Igualdade”** (menos si eras escravo!)
- **Contractualista** (o individuo renuncia a certas liberdades a cambio de participar na sociedade civil).
- Locke **buscaba unha monarquía parlamentaria**, aínda que a súa teoría se adapta a calquera forma de goberno que respecte os dereitos naturais.





Luis XIV

ROYAL AFRICAN COMPANY



O liberalismo económico

- Os seus representantes máis destacados son **Adam Smith** (1723 - 1790) e **David Ricardo** (1772 - 1823).
- Características principais do liberalismo económico.
 - O elemento decisivo na creación do valor dunha mercadoría é o traballo (tempo).
 - Para Adam Smith existe unha orde natural froito dunha providencia divina (a *man invisible*) que fai que os intereses **individuais concorden cos da sociedade** → **se debe deixar ao individuo total liberdade para conseguir os seus intereses**, xa que estes van concordar cos da sociedade → **O Estado non debe intervenir na economía:**
“laissez faire, laissez passer”.





O comunitarismo



O Comunitarismo

O comunitarismo

- É unha corrente de pensamento de finais do século XX que **cuestionaba ao liberalismo**, especialmente o seu desprezo polos valores morais de cada comunidade que, na súa opinión, daba lugar ao chamado **individualismo abstracto**.



O comunitarismo

Liberalismo (individualismo abstracto)

O individuo é anterior á sociedade → o único deber do Estado é protexer os dereitos individuais e ser "neutral" ante o que cada un considere unha "vida boa"

A identidade individual se constrúe de forma illada.

O concepto de xustiza debe ser universal e superior ao resto de valores.

Comunitarismo

Sen unha comunidade forte cunha idea común do ben e da virtude, o individuo non sería quen de exercer a súa liberdade e reclamar os seus dereitos. O Estado ten un deber, sobre todo, moral.

A identidade individual constrúese na sociedade. A postura liberalista converte as relacións humanas en meros contratos de beneficio mutuo.

O xusto depende da idea de "bo". Polo tanto a idea de Ben > Xustiza, xa que sen unha noción do ben, non sería posible a de xustiza.

Reflexiona

NON ENTRA NO EXAME

- Con tanta frecuencia **asociamos o que é xusto co que é bo para nós** e, pola contra, asociamos o inxusto co que non nos favorece?
- Cres a idea de “persoas feitas a sí mesmas” é **real ou** só unha **propaganda** liberal?



O comunitarismo

- Para os comunitaristas, **o liberalismo ve á sociedade como unha estación de tren:** un lugar onde individuos illados coinciden temporalmente, cada un cun destino e un propósito completamente alleos aos demais, utilizando a estación (o Estado) só como unha ferramenta útil.



0 republicanismo



0 Republicanismo


O republicanismo

- O republicanismo defende:
 - A participación da cidadanía na vida política
 - **Liberdade do individuo e dereito a non-ser dominado** por outros.
 - **Esixencia de virtude cívica** (sendo a actitude crítica, ben a sí mesmo, como cara as institucións fundamental)



Cicerón
La República
Las leyes


Edición de
Juan M.º Núñez González



AKAL/CLÁSICA

O republicanismo. O *neorepublicanismo*.

- Inspirados nos clásicos como Cicerón, Tocqueville ou Voltaire xorde no século XX o ***neorepublicanismo***.
- Os autores máis destacados son **Pettit e Skinner**.
- A diferenza do liberalismo que cree que a liberdade se basea na *non-interferencia* do Estado o *neorepublicanismo* defende que a **liberdade a ausencia de dominación ou de dependencia**.



Republicanism
Una teoría sobre la libertad y el gobierno



Philip Pettit

PAIDOS ESTADO Y SOCIEDAD

0 conservadorismo




0 conservadorismo


Conservadorismo

- O conservadorismo tería a súa **orixe** nunha **reacción** **contraria á Revolución francesa** e defende a **idea dun goberno forte que aglutine todos os poderes do Estado**, xa que consideran que o ser humano necesita a coacción para poder convivir en sociedade.
- Enfróntase ao liberalismo e a súa separación de poderes.

Reparto de la Asamblea francesa en septiembre de 1789
El origen de la derecha y la izquierda política



Edmund Burke
Reflexiones sobre
la Revolución
en Francia



Conservadorismo

- A **tradición** (política, cultural ou relixiosa) é fundamental xa que fomenta a **identidade colectiva e a cohesión social**. Isto tamén implica que **os dereitos do individuo dependen da tradición** (é dicir, non son naturais).
- Os conservadores non se opoñen aos **cambios** sempre que sexan **orgánicos e non revolucionarios**.
- A defensa desa identidade colectiva o leva a ter **afinidades co nacionalismo e rexeitar a inmigración**.
- O peso da tradición lévalle a **defender unha sociedade elitista** (e, normalmente poñerse do lado dos máis privilexiados de aí a súa **defensa a ultranza da propiedade privada**).





Socialismo



0 socialismo

Socialismo

- O socialismo -en xeral- defende a **transformación da sociedade** a través da **eliminación** de:
 - As **clases sociais**.
 - A **propiedade privada** (causa da explotación económica)



Socialismo. Tipos.

Socialismo

Utópico



Científico ou Comunismo

Anarquismo

Socialdemocracia

Socialismo Utópico Francés.

- **Visión idealista:** Propoñían modelos de sociedades perfectas baseados na razón, a moral e a harmonía social, sen explotación nin pobreza, baseadas na cooperación e a igualdade, pero sen un plan concreto para alcanzalas mediante a loita política ou revolucionaria.
- Conciben as **desigualdades como problemas de organización e/ou morais**.
- A **sociedade pode ser transformada sen revolucións**.
- Defendido por autores como **Fourier** ou **Saint- Simon**
- Recibiron o nome de “utópicos” de Marx.



Socialismo Científico ou Comunismo

- Defende a **eliminación da propiedade privada e as clases sociais.**
- A **revolución como motor do cambio.** A revolución comunista ten **3 fases:**
 1. Revolución contra a burguesía e nacionalización dos medios de produción.
 2. Ditadura do “proletariado” → acabaría coas clases sociais
 3. Asociación libre de individuos na que cada quen contribuíría á sociedade segundo as súas capacidades e recibiría segundo as súas necesidades.



Socialismo


NON ENTRA NO EXAME

- *Nazi* era o diminutivo do partido *Nacional Socialista Obreiro Alemán* (*Nationalsozialistische Deutsche Arbeiterpartei* , abreviado como NSDAP).

Era Hitler socialista?



NOCHE DE LOS CUCHILLOS LARGOS
Adolf Hitler se oponía a las SA y a su líder, Ernst Röhm. Así entre el 30 de junio y el 2 de julio de 1934 se realizó una PURGA (asesinatos políticos) entre los miembros de las SA.



Socialdemocracia


- É unha forma *non revolucionaria* de socialismo cuxos obxectivos serían:
 1. Mellorar as condicións de vida do *proletariado*.
 2. Cambiar gradualmente o sistema capitalista ao socialista.
- Autores destacados son **Ferdinand Lassalle** e **Eduard Bernstein**.



Socialdemocracia

- As propostas máis comúns partidos social-demócratas son:
 - Consecución de bos **servizos públicos universais**.
 - **Limitar e controlar os mercados industriais e financeiros** co obxectivo de garantir o benestar da sociedade.
 - **Sistemas impositivos** (impostos) **progresivos** (os que máis teñen máis pagan)
 - **Redistribución da riqueza** (uso dos impostos para axudar aos máis desfavorecidos).

SPD
BADEN-WÜRTTEMBERG



Nacionalismo

NON ENTRA NO EXAME




0 nacionalismo

Nacionalismo

NON ENTRA NO EXAME

- O nacionalismo é unha ideoloxía política que xurdiu no século XIX (vinculado ás revolucións liberais e ao Romanticismo).
- Os seus principios fundamentais son:
 1. O **principio de soberanía nacional**: O poder (a soberanía) reside na nación, é dicir, no conxunto de cidadáns, e non nun monarca por dereito divino. Polo tanto, o pobo ten dereito a decidir o seu propio destino político.
 2. O **principio de correspondencia** (Estado-Nación): É a máxima principal do nacionalismo. Defende que a cada nación (entendida como un conxunto de persoas que comparten unha serie de lazos comúns (lingua, historia, cultura, tradicións, territorio e, ás veces, relixión) **débedelle corresponder un Estado** (estrutura política dun territorio) **propio de xeito soberano**. As fronteiras do Estado deben coincidir coas fronteiras lingüísticas e culturais da nación.



Nacionalismo
Elie Kedourie
Alianza editorial



Nacionalismo

NON ENTRA NO EXAME

- 4. Os dous grandes tipos de nacionalismo no século XIX
 - **Nacionalismo desintegrador (ou centrífugo):** Pobos que formaban parte de grandes imperios e que loitaban por independizarse para crear o seu propio Estado. (Por exemplo: o nacionalismo dos pobos sometidos dentro do Imperio Austrohúngaro como o húngaro ou partes do Norte de Italia).
 - **Nacionalismo unificador (ou centrípeto):** Pobos que compartían unha mesma cultura e lingua, pero que estaban divididos en múltiples estados independentes, e que loitaron por unirse nun só. (por exemplo, Italia ou Alemaña)




Nacionalismo

NON ENTRA NO EXAME

Segundo as clasificacións actuais atopamos:

1. SEGUNDO A DEFINICIÓN DE "NACIÓN" (Como se adquire a identidade)

- **Nacionalismo Cívico ou Liberal (Inclusivo):** A nación se basea no contrato social e a existencia de valores e leis compartidas. Calquera persoa que cumpla as leis é benvida sen importar lingua, lugar de procedencia ou relixión.
- **Nacionalismo Étnico ou Cultural (Exclusivo):** A nación se fundamenta en elementos obxectivos herdados (sangue, lingua ancestral, tradicións, relixión) aos que so aqueles que comparten esa herdanza cultural poden pertencer, excluindo ao diferente ou inmigrante. Exemplos: Hungría, Polonia, partidos de extrema dereita europea.



Nacionalismo

NON ENTRA NO EXAME

2. SEGUNDO A RELACIÓN CO ESTADO (Onde se sitúa o poder)

- **Nacionalismo Estatal ou "De Estado" (Maioritario):** A aquel cuxo obxectivo é reforzar a cohesión, unidade e patriotismo nun Estado que xa existe, con fins políticos (xustificación do poder, obediencia ao Estado, etc.)
- **Nacionalismo Periférico ou "Nacións sen Estado" (Minoritario):** É aquel que busca defender a identidade propia dunha comunidade dentro dun Estado maior, reclamando Autogoberno, descentralización ou dereito de autodeterminación (independencia).



Nacionalismo

NON ENTRA NO EXAME

- 3. VARIANTES ESPECÍFICAS DO SÉCULO XXI (Reaccións á globalización)
 - **Nacionalismo Populista / "Soberanismo"**: Xorde da reacción contra as organizacións internacionais (UE, ONU) e o libre mercado global. Estes movementos se aproveitan do descontento popular e o captan baixo lemas como: "O noso país primeiro", "Facer América grande de novo)(recuperar o control total de fronteiras e economía).
 - **Nacionalismo Poscolonial**: Xorde da descolonización de África e Asia a mediados do século XX, tendo como obxectivo protexer os recursos económicos e a soberanía do país fronte ás potencias occidentais.




Utopías y Distopías



UTOPIÁS


Utopías

- Unha utopía política é un **ideal irrealizable** que serve para:
 - a) Servir de meta para acción política de cara ao futuro
 - b) Servir de crítica para a política actual
 - c) Servir de esperanza a individuos que anhelan un cambio social.




Distopías

- As distopías son un **xénero literario que serve de crítica ás utopías**, especialmente aquelas de carácter **totalitarias** ou que **limitan significativamente a liberdade humana** a través do control e a instrumentalización do ser humano.




Utopías: Platón



Platón: Calípolis

Calípolis: Platón

- Platón (Atenas, s.V - IV a.C.) foi moi **crítico coa política da súa época**, afastándose por un tempo debido a desilusión que experimentou tanto co gobierno dos *Trinta Tiranos* (cuxa violencia e inxustiza levou a Platón a considerar a tiranía como o peor sistema de goberno posible), como coa democracia (debido -en boa parte- pola condena ao seu mestre Sócrates).
- Este desencanto coa política da súa época o levou a desenvolver o seu propio proxecto político: **Calípolis** (*cidade bela*).



Calípolis: Platón

- Platón parte da división da alma en tres (racional, irascible e concupiscible) e **a partir da parte da alma predominante no individuo, esta determinará a súa clase social** de maneira ríxida (o individuo non pode cambiar de clase social).
- A **división do traballo faise en función das necesidades naturais** (seguridade, goberno, manutención)



Partes da alma

Racional

Irascible


Concupiscible

Partes da sociedade

Gobernantes - Filósofos*


Gardiáns (militares)

Produtores (campesinos, artesáns, etc.)



Calípolis: Platón

Cada parte da sociedade, debe **desenvolver a súa virtude característica** a través do correcto traballo. Platón sostén que si cada clase social se adica ao seu (**principio de especialización**) xurdirá a harmonía entre as súas virtudes dando como resultado a virtude da **Xustiza**.



Platón aplica esta mesma idea ao individuo, o cal, si cada parte da alma funciona harmónicamente desenvolvendo a súa virtude, (sabedoría, fortaleza e moderación) dará como resultado un home xusto.

Calípolis: Platón

As características máis salientables son:

- Debe ser **autosuficiente** para evitar o contacto co exterior (o que podería crear unha inevitable dexeneración da sociedade).
- **Non hai necesidade de leis**. Os gobernantes filósofos saben que facer en cada momento, sen necesidade de leis rixidas.
- Todos os **bens** son **comúns** incluídas as persoas.
- A recompensa polos servizos é a **manutención**.

Prohibida a propiedade privada.
Prohibida a familia.



Comunismo de bens

Por que tanta prohibición?

Principais fontes de corrupción
dos estados

Familia (favoritismo cara a familiares)

Propiedade privada